



NOTA INFORMATIVA

Informamos que está publicado na páxina web do Servizo Galego de Saúde o **listado informativo de adxudicación de destinos** das prazas vacantes no proceso selectivo de concurso de méritos convocado pola Resolución do 11 de maio de 2023 para diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área e pediatra de atención primaria, de acordo coa selección de destinos realizada como consecuencia da Resolución do 12 de marzo de 2024.

No caso das persoas aspirantes que constan en dita relación e que NON se viran afectadas por algunha modificación dos requisitos de acceso establecidos na Resolución do 11 de maio de 2023 e que teñan neste intre un vínculo activo co Servizo Galego de Saúde, **non será preciso que acrediten de novo os requisitos de participación.**

No caso de existir unha modificación de requisitos de acceso e/ou non posuír vinculación activa no Servizo Galego de Saúde, deberan acreditar a documentación requirida na base novena da resolución de convocatoria.

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado/a con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que o imposibiliten para o exercicio das funcións propias da categoría á que concorre.

c) Por exixencia do artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, certificación do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos de non ter sido condena-



do/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita ao Servizo Galego de Saúde para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación.

Deberán presentar esta documentación nun rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común e deberá dirixila á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, s/n, 15703, Santiago de Compostela, no prazo de 10 días hábiles.

Para calquera consulta poderá dirixirse á Subdirección Xeral de Selección de Persoal ou formular a súa pregunta na seguinte caixa de correo: oposicions@sergas.es.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2025

A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde